

Sr. Alcalde do Concello de Laracha (A)
Praza do Concello. s/n
115145 Laracha (A)
(A Coruña)

Clave: DH.W15.84082

Expediente: Autorización de obras para creación de zona de depósito de áridos no lugar de O Campo parroquia de Torás (Santa María), no concello de Laracha (A), (A Coruña).

Solicitante: Jose Manuel Carballido Dubra

Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Jose Manuel Carballido Dubra, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, 21 de setembro do 2022

a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)



SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Jose Manuel Carballido Dubra, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río Quenxe e outro, a autorización de obras, no polígono 15, parcelas 55 e 162, no lugar de O Campo, parroquia de Torás (Santa María), Concello de Laracha (A) (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.84082.

As obras solicitadas consisten na adecuación de parcelas para creación de depósito de materiais.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Laracha (A) ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 21 de setembro do 2022

a/o xefa/e do Servizo Territorial – Néstor Rodríguez Arias (Sinatura dixital)

